

AS COMPETENCIAS CLAVE

As **Competencias Clave** comprenden unha serie de contidos xerais de formación básica en diferentes áreas de coñecemento que acreditan que a persoa ten os coñecementos mínimos necesarios para cursar os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 e 3 (os de nivel 1 non teñen este requisito de acceso).

Permiten ás persoas que carecen de formación regrada acceder á unha aprendizaxe continua, ao longo da súa vida, dirixida ao mundo laboral e adaptada aos cambios da sociedade.

As competencias clave baséanse nos ámbitos establecidos na Recomendación do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de novembro de 2006 (2006/962/CE), e no Marco Europeo de Referencia para as Linguas (no caso da competencia en linguas estranxeiras) e enténdense como unha ferramenta para promover a aprendizaxe permanente.

Forma de acreditar as Competencias Clave

1. Acreditando posuír algunha das seguintes titulacións oficiais:

- Título de ESO para o nivel 2 e Bacharelato para o nivel 3, ou equivalentes.
- Certificado de profesionalidade do mesmo nivel
- Certificado de profesionalidade de nivel inferior na mesma familia e área profesional
- Para Lingua Galega, ter o título do Celga 3 para o nivel 2, e o Celga 4 para o nivel 3, ou equivalentes

2. Superando as Probas de Avaliación en Competencias Clave.

3. Realizando a formación específica en Competencias Clave.

Listaxe das Competencia Clave

- **Lingua galega**
- **Lingua castelá**
- **Linguas estranxeiras**
- **Matemáticas**
- **Ciencia**
- **Tecnoloxía**
- **Dixital**

PROBAS DE AVALIACIÓN EN COMPETENCIAS CLAVE en Galicia

A **Dirección Xeral de Formación e Colocación**, a través do **Instituto Galego das Cualificacións**, realizará anualmente, a lo menos, unha convocatoria para a realización das probas de avaliación das Competencias Clave.

Non poderán presentarse a estas probas aquelas persoas que na data de finalización do prazo de presentación da solicitude, estean cursando unha acción formativa conducente á obtención da mesma competencia.

Na convocatoria establecerase:

- As competencias clave que se van a examinar.
- As datas de realización dos exames.
- O horario das probas.
- O lugar onde se van a realizar.

Farase unha proba por cada competencia clave de cada nivel de cualificación, que será común a todos os certificados de profesionalidade dese nivel. Nela o aspirante deberá demostrar que posúe os coñecemento e habilidades suficientes para cursar con aproveitamento os módulos do certificado de profesionalidade.

A inscrición para participar nestas probas, efectuarase mediante solicitude ao Instituto Galego das Cualificacións, no modelo de solicitude que se estableza na correspondente orde de convocatoria, que será publicada no Diario Oficial de Galicia, onde tamén se establecerán o prazo e lugar de presentación das solicitudes.

Para máis información sobre as convocatorias de Competencias Clave na Comunidade Autónoma de Galicia:

<http://traballo.xunta.es/portada-competencias-clave>